

Resolución Reitoral pola que se aproban as Normas Económicas derivadas da Xestión Académica de titulacións oficiais no curso académico 2026/2027

A *Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario*, establece no seu artigo 57.b) que os prezos públicos dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial serán fixados pola Comunidade Autónoma, dentro dun marco xeral de contención ou redución progresiva dos prezos públicos.

Para os restantes estudos, os prezos serán fixados polo Consello Social da respectiva universidade, segundo o disposto no artigo 75.3.f) da *Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia*.

As Resolucións Reitorais de 6 de marzo e 29 de maio de convocatoria de matrícula para as ensinanzas oficiais no curso 2026/2027, establecen os aspectos administrativos e académicos derivados da matrícula, quedando por definir os procedementos de índole económica derivados da mesma.

Mediante o *Decreto 72/2026 do 29 de xuño*, fíxanse os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2026/2027 (Decreto de prezos públicos a partir de agora).

O devandito Decreto establece que a Universidade de Vigo establecerá os prezos que deberá aboar pola matrícula en estudos de grao e máster, o alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos que non teña a condición de residente, con exclusión daquelas persoas que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou aquelas a que lles sexa de aplicación o réxime comunitario. En todo caso, estes prezos terán como límite máximo os vixentes para esta tipoloxía de estudantado no curso 2025/26 na mesma universidade.

Neste contexto normativo resulta necesario establecer na Universidade de Vigo os procedementos de aplicación do disposto no *Decreto de prezos públicos* á xestión propia da Universidade.

É polo que, en virtude das atribucións conferidas polos Estatutos da Universidade de Vigo aprobados por *Decreto 13/2019 (DOG do 22 de febreiro de 2019)*, **ESTA REITORÍA RESOLVE** establecer as seguintes normas:

1 PREZOS TITULACIÓNS OFICIAIS**1.1. Prezos públicos por servizos académicos:**

- a) **derivados da matrícula:** o importe virá determinado polo número e tipo de créditos no que o alumnado se matricule de acordo cos importes aprobados no *Decreto de prezos públicos*. O alumnado dos centros adscritos aboará o 25 % dos importes que correspondan á universidade.
- b) **derivados da avaliación e das probas:** os importes aprobados no *Decreto de prezos públicos*.
- c) **derivados do recoñecemento de créditos:** o 25% dos prezos por servizos académicos establecido no *Decreto de prezos públicos* correspondentes á titulación, aplicando as exencións e bonificacións do punto 5 desta normativa cos límites establecidos en cada caso.

Será gratuíto no caso dos créditos conducentes á obtención dunha titulación oficial con idéntica ou similar denominación, e cursados consonte a un plan de estudos, se provén de centros públicos.

Tamén serán gratuítos os créditos superados nos distintos itinerarios dun Grao aberto e recoñecidos



no Grao finalmente elixido, así como os créditos superados nunha programación conxunta de estudos oficiais (PCEO) que teñan efectos en ambas titulacións.

1.2. Prezos por servizos administrativos:

- Apertura de expediente ao comezar os estudos: **22,31 €**
- Expedición e mantemento da tarxeta de identidade: **4,79 €**
- Documentación e soporte para matrícula por internet (aprobado polo Consello Social): **1,75 €**
- Resto prezos establecidos no *Decreto de prezos públicos*

A estes prezos lle serán de aplicación as exencións e bonificacións que lle correspondan establecidas no *Decreto de prezos públicos*.

1.3. Certificación académica en soporte papel ou formato electrónico e traslado de expediente

1) En aplicación do establecido no artigo 44.3 do Real Decreto 534/2024, de 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao, unha vez que o alumnado **sexá admitido noutra universidade** debe efectuar o traslado de expediente. Para tal fin debe aboar o prezo público establecido no Decreto de prezos públicos.

Non ten a consideración de traslado de expediente o cambio de xestión do expediente entre as universidades que imparten unha titulación interuniversitaria.

2) Certificación académica para solicitantes de bolsas e axudas: A certificación académica expedida para achegar xunto coa solicitude de bolsa de calquera organismo público ou privado, non precisa o pagamento de prezos públicos, sempre e cando na certificación se faga constar “que se expide aos únicos efectos de presentación de solicitude de bolsa”.

3) Certificación académica para procedementos da Universidade de Vigo: A certificación académica expedida para achegar en calquera procedemento da Universidade de Vigo, non precisa o pagamento de prezos públicos, sempre e cando na certificación se faga constar “que se expide aos únicos efectos de presentación en procedementos da Universidade de Vigo”.

4) Certificación académica en varios idiomas: pola expedición de certificacións académicas en galego, castelán e inglés, aboaranse unha soa vez os prezos públicos establecidos, sempre e cando corresponda a un mesmo acto administrativo, é dicir, a solicitude sexa realizada no mesmo momento.

1.4. Seguro escolar

Está obrigado ao pagamento do seguro escolar o alumnado menor de 28 anos a 1 de setembro de 2026 que se matricule en titulacións oficiais e sexa:

- Nacional da Unión Europea, do *Espazo Económico Europeo* (Islandia, Liechtenstein y Noruega) e Suíza.
- Persoas con protección internacional que residan en España.
- Estranxeiro/a residente en España (non é válido o permiso por estudos).

O importe é de **1,12 €**, que se aboarán unha soa vez por curso académico independentemente das titulacións que se cursen.

1.5. Alumnado de procedencia estranxeira

1. Os importes aprobados no *Decreto de prezos públicos* correspondentes a servizos académicos derivados da matrícula e dos recoñecemento de créditos serán de aplicación ao alumnado:



- a) Con nacionalidade española.
- b) Con nacionalidade de Estados comunitarios e de países aos que lle sexa de aplicación o réxime comunitario (Anexo II).
- c) Das restantes nacionalidades que acrediten a residencia de longa duración en España (non é válido o permiso por estudos), no momento do inicio do curso.
- d) Solicitante de protección internacional, con solicitude admitida a trámite e as persoas beneficiarias da mesma.
- e) De programas de recoñecemento mutuo de titulacións internacionais (dobre titulación internacional) de acordo co establecido no convenio asinado entre as universidades participantes.
- f) En aplicación do disposto no artigo 2.5 do *Decreto de prezos públicos* para persoas estranxeiras non incluídas nos apartados anteriores o prezo por servizos académicos verase incrementado nun 25%.

2. As áreas académicas de grao e posgrao comprobarán, de acordo co establecido no punto 4 desta normativa, na plataforma de intermediación, o cumprimento do requisito de residencia de longa duración do estudantado incluído no apartado 1.c). Unha vez verificada a residencia e incluídos os datos na aplicación informática, expedirase un novo impreso de matrícula coa redución correspondente do importe.

Se ao inicio do curso acreditan que a solicitude **está en tramitación**, o alumnado terá dereito ao pagamento como *residente* sempre que xustifique tal circunstancia, quedando condicionada a entrega da acreditación da condición unha vez resolta.

3. O alumnado incluído no apartado 1.d) debe presentar antes do 20 de setembro ou no prazo de 10 días naturais desde a matrícula ou modificación, a tarxeta vermella de solicitante de protección internacional, ou documento que acredite a admisión a trámite da solicitude vixente no momento de efectuar a súa matrícula.

1.6. Modificación de matrícula

Calquera modificación xerará un novo impreso de matrícula que poderá supoñer variación no importe dos prezos públicos da matrícula. O importe resultante aboarase segundo a forma elixida no momento da matrícula inicial ou a seleccionada no momento da modificación. Se resulta un importe a devolver pola Universidade, procederase consonte se indica no punto 7 desta normativa.

1.7. Anulación total de matrícula

1. Para a concesión da anulación total de matrícula será necesario ter realizado o pagamento dos prezos públicos correspondentes á matrícula unha vez aplicadas as exencións e bonificacións acreditadas.
2. No caso do estudantado solicitante de bolsa, coa anulación de matrícula entenderase que desisten da súa solicitude e que renuncian no caso de que xa teñan a condición de bolseiras. De existir pagos pendentes será preciso efectuar o pagamento sen que sexa de aplicación ao importe pendente o incremento establecido no punto 6 da presente normativa.

Se como consecuencia da anulación resultara un importe a devolver xunto coa solicitude de anulación deberá indicarse a conta bancaria á que se realizará a devolución, e procederase de acordo co establecido no punto 7 desta normativa.



2 ALUMNADO VISITANTE

O alumnado estranxeiro non residente que desexe ampliar a súa formación a través dunha estadía temporal non amparada por un programa de intercambio debe aboar os prezos aprobados polo Consello Social.

2.1 Matrícula Grao e Máster

Prezo	Concepto
Decreto	Prezos por servizos académicos: os que correspondan consonte o establecido no Decreto de prezos públicos para as materias nas que se efectúe matrícula
Decreto	Secretaría: apertura de expediente académico
Decreto	Secretaría: expedición e mantemento de tarxeta de identidade
1,75 €	Documentación e soporte de matrícula
400,00 €	Alumnos/as Visitantes (1 cuadrimestre)
800,00 €	Alumnos/as Visitantes (anual)

2.2 Matrícula Programa de doutoramento

- Investigador/a visitante predoutoral inferior a 3 meses: 25 % do importe da titoría anual de doutoramento establecida no Decreto de prezos públicos.
- Investigador/a visitante predoutoral inferior a 6 meses: 50 % do importe da titoría anual de doutoramento.
- Investigador/a visitante predoutoral inferior a 9 meses: 75 % do importe da titoría anual de doutoramento.
- Investigador/a visitante predoutoral de 9 meses ou máis: 100 % do importe da titoría anual de doutoramento.
- Prezos por servizos administrativos: no mesmo importe que en titulacións oficiais.

No caso de que a estadía comprenda períodos continuados correspondentes a 2 cursos académicos a matrícula do primeiro curso incluírá o custo total da estadía.

2.3 A matrícula queda condicionada ao pagamento dos prezos en entidade financeira ou TPV ao inicio do curso. A falta de pagamento implicará o rexeitamento da solicitude de matrícula coa perda das cantidades aboadas.

2.4 A anulación de matrícula a petición do alumnado dará lugar a perda das cantidades aboadas.

2.5 Prezo de expedición da Certificación académica: o mesmo importe que se establece no Decreto de prezos públicos polo mesmo concepto para estudos oficiais.

3. PAGAMENTO

Non será preciso presentar na Universidade ningún xustificante de pagamento da matrícula, agás que, por non constar na aplicación informática a confirmación do pagamento, este sexa requirido.

O alumnado dende autoservizo terá acceso aos pagamentos pendentes e, se así o desexa, aboará a través de TPV ou entidade financeira os importes pendentes.



3.1 Formas de pagamento

3.1.1 O pagamento dos prezos públicos asociados á matrícula realizarase das seguintes formas:

a) **Entidade financeira:** aboarase o importe íntegro no prazo de 30 días naturais, a través das entidades bancarias colaboradoras coa UVigo (Abanca, Banco Santander e Caixabank) ou calquera outra coa que se estableza convenio.

Non realizar o pagamento no prazo indicado terá as consecuencias previstas no apartado de falta de pagamentos desta normativa.

b) **TPV:** seleccionando esta opción na aplicación informática de automatrícula aboarase o importe íntegro no mesmo momento, ou no prazo indicado no resgardo de matrícula a través da secretaría virtual no apartado “Pagos pendientes Tarjeta débito/crédito”.

Non realizar o pagamento no prazo indicado no resgardo de matrícula terá as consecuencias previstas no apartado de falta de pagamentos desta normativa.

c) **Domiciliación bancaria:** No momento da matrícula deberá indicarse o número de conta bancaria de zona SEPA (Zona Única de Pagos en Euros).

No caso de non ter un mandato SEPA vixente debe presentar nas áreas académicas de grao e posgrao a autorización de domiciliación bancaria de cargo SEPA, que se descarga da aplicación de autoservizo, coa sinatura manuscrita ou electrónica da persoa titular da conta antes do 20 de setembro ou no prazo de 10 días naturais desde a matrícula ou modificación.

No caso de que o mandato non fose entregado no prazo indicado a Área académica do centro procederá ao cambio da forma de pagamento a “prazo único en entidade financeira” e informarán da nova situación por correo electrónico ao alumnado.

Será responsabilidade do estudante manter actualizados os datos bancarios, verificar que a conta onde domicilia o pagamento se atopa operativa, que está autorizado o cargo da domiciliación, e que a entidade bancaria efectúase o pagamento da matrícula.

A devolución pola entidade bancaria dos pagamentos terá as consecuencias previstas no apartado de falta de pagamentos desta normativa.

i. **Domiciliación do pagamento íntegro:** o cargo realízase nas seguintes datas en función da data de matrícula

Prazo de matrícula/recoñecementos	Data de cargo
8 de xullo ao 28 de setembro	6 de outubro
29 de setembro ao 28 de outubro	6 de novembro
29 de outubro ao 28 de novembro	6 de decembro
29 de novembro ao 28 de decembro	6 de xaneiro
29 de decembro ao 28 de xaneiro	6 de febreiro
29 de xaneiro ao 28 de febreiro	6 de marzo

Non se poden domiciliar pagamentos despois do 23 de febreiro de 2027.

ii. **Domiciliación do pagamento fraccionado:** Non se poden fraccionar

- importes inferiores a 100 €,
- a titoría anual de doutoramento,
- recoñecementos,



- importes xerados despois do 28 de xaneiro de 2027.

Os prezos públicos por servizos administrativos e o seguro escolar serán aboados íntegros xunto co primeiro prazo, polo que o fraccionamento aplícase unicamente aos prezos por servizos académicos do seguinte xeito:

Prazo de matrícula	Datas de cargo					
	6 de outubro	6 de novembro	6 de decembro	6 de xaneiro	6 de febreiro	6 de marzo
9 de xullo ao 28 de setembro	25%	15%	15%	15%	15%	15%
29 de setembro ao 28 de outubro	---	40%	15%	15%	15%	15%
29 de outubro ao 28 de novembro	---	---	55%	15%	15%	15%
29 de novembro ao 28 de decembro	---	---	---	70%	15%	15%
29 de decembro ao 28 de xaneiro	---	---	---	---	85%	15%

d) **Pagos desde países que non posúan contas SEPA:** poden realizarse os pagos a través de **tarxeta** ou de xeito excepcional mediante **transferencia bancaria**. Neste último caso o alumnado debe dirixirse ás áreas académicas de grao e posgrao para solicitalo expoñendo os motivos.

3.1.2 O pagamento dos prezos de matrícula de estudantado visitante e os restantes prezos públicos aboaranse en Entidade financeira ou a través de TPV.

3.2 Modificación de matrícula

As modificacións de matrícula que se realicen ao amparo do establecido na convocatoria de matrícula, axustaranse á forma de pagamento elixida na matrícula inicial ou a seleccionada no momento da modificación, agás no caso de pagos existan pagos fraccionados conciliados.

3.3 Conta bancaria de zona SEPA

A conta bancaria facilitada polo alumnado para o cobro da matrícula será utilizada nas actuacións de oficio que realice a Universidade sempre que o/a estudante sexa titular da conta. Poden realizarse na área académica de grao / posgrao antes do 28 de febreiro as seguintes modificacións:

- e) número de conta
- f) cambio de titular da conta bancaria presentando un novo mandato SEPA.

3.4 Modificación da forma de pagamento

Pódese modificar a forma de pagamento solicitándoo na área académica de grao e posgrao nos seguintes prazos:

- i. Cambio de pagamento domiciliado fraccionado a entidade financeira/tarxeta/domiciliado único antes do 28 de setembro de 2026.
- ii. Cambio de pagamento único a fraccionado antes do 28 de xaneiro de 2027.
- iii. Cambio de entidade financeira/tarxeta a pagamento domiciliado único: antes do 28 de febreiro de 2027.
- iv. Cambio de pagamento domiciliado único a entidade financeira/tarxeta: antes do 28 de febreiro de 2027.



3.5 Comunicaci3ns ao alumnado

Todas as comunicaci3ns ao alumnado necesarias para a aplicaci3n do disposto nesta normativa realizaranse ao correo electr3nico sinalado na matr3cula.

4. COMPROBACI3N DE DATOS

Para a tramitaci3n deste procedemento consultarase de xeito electr3nico os seguintes datos en poder das Administraci3ns p3blicas ag3s nos casos en que se opo3a a consulta, para o que deber3 comunicalo ao correo electr3nico prezospublicos@uvigo.gal:

- T3tulo de familia numerosa
- Condici3n de discapacidade
- Residencia de longa duraci3n
- Posesi3n dun t3tulo universitario oficial

No caso de que as persoas interesadas se opo3an, ou as administraci3ns non dispo3an de datos ou existan dificultades t3cnicas que impidan a s3a comprobaci3n deber3n presentar nas 3reas acad3micas de grao e posgrao a documentaci3n no prazo de 10 d3as naturais desde o momento da matr3cula/modificaci3n ou desde que lle sexa requirido por correo electr3nico de ser o caso.

5. EXENCI3NS, BONIFICACI3NS e AXUDAS

5.1 As exenci3ns e bonificaci3ns 3s que se te3a dereito, e a condici3n de solicitante de bolsa, deber3 ser marcada no momento da matr3cula. De xeito cautelar estas circunstancias dar3n lugar ao apazamento do pagamento dos prezos p3blicos ata a s3a verificaci3n, e as3 quedar3 reflectido no impreso de matr3cula que se xere, de acordo co establecido nos par3grafos seguintes para cada caso.

O alumnado matriculado como beneficiario de exenci3n, bonificaci3n ou axuda, que solicite a expedici3n do t3tulo universitario oficial deber3 ter acreditada a condici3n de beneficiario. En caso contrario se lle esixir3 o pagamento cautelar dos prezos p3blicos totais correspondentes 3 matr3cula.

5.2 As exenci3ns e bonificaci3ns de pagamento de prezos p3blicos son as recollidas no *Decreto de prezos p3blicos*.

A condici3n alegada deber3 estar vixente no prazo de matr3cula ag3s nos casos nos que a correspondente norma estableza o contrario. No caso dos prezos correspondentes 3 expedici3n de certificaci3n acad3mica e de t3tulo universitario oficial apl3case a exenci3n de estar vixente no momento da solicitude do servizo.

5.2.1 *Importe*

- Familia numerosa:** de categor3a especial est3 exento do pagamento dos prezos p3blicos do punto 1.1 e 1.2 desta normativa. No caso de ser de categor3a xeral est3 exento do pagamento do 50 % dos devanditos prezos.
- Persoas con discapacidade:** exenci3n do pagamento dos prezos p3blicos do punto 1.1 e 1.2 desta normativa.
- V3ctimas de acto terrorista e beneficiarios da condici3n:** exenci3n do pagamento dos prezos p3blicos do punto 1.1 e 1.2 desta normativa.
- V3ctima de violencia de x3nero e beneficiarios da condici3n:** exenci3n do pagamento dos prezos p3blicos do punto 1.1 desta normativa. Declarada a exenci3n por este motivo, manterase durante o



período ordinario de realización deses estudos.

e) Acreditacións ensino previo ao universitario : bonificación do pagamento dos prezos públicos do punto 1.1 desta normativa correspondentes ao primeiro curso de Grao, por unha soa vez, nos seguintes casos:

- Matrícula de honra global no segundo curso de Bacharelato ou Ciclo Superior.
- Premio extraordinario de Bacharelato ou Ciclo Superior.
- Medalla en olimpíadas académicas acreditadas de ámbito nacional ou internacional.

f) Matrícula de honra en titulacións universitarias oficiais: O alumnado de grao e máster ten dereito no curso académico inmediatamente seguinte a aquel no que obteña a mención á bonificación do pagamento dos prezos públicos do punto 1.1 desta normativa para a primeira matrícula, nun número equivalente dos créditos de que consten as materias en que tiña obtido a mención de matrícula de honra, sempre que pertencen aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento.

Esta bonificación aplicarase no caso do cursar o Máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, independentemente da rama de coñecemento á que estea adscrito o grao de procedencia.

g) Ingreso mínimo vital: exención do pagamento dos prezos públicos do punto 1.1 desta normativa

h) Bonificación por créditos superados en primeira matrícula: O alumnado de Grao ten dereito á bonificación do pagamento dos prezos públicos do punto 1.1.a) e c) desta normativa nos termos establecidos no Decreto de prezos públicos.

5.2.2 Procedemento:

As áreas académicas de grao e posgrao verificarán as exencións de acordo co punto 4 desta normativa, agás no caso de estar vixente a acreditación presentada en cursos anteriores. Para o resto de exencións, o estudantado presentará nas áreas académicas de grao e posgrao a documentación que acredite o dereito á exención **antes do 30 de setembro** ou no prazo de 10 días naturais desde a matrícula ou modificación.

De non existir constancia da exención ou bonificación, tras serlle requirido por correo electrónico, expedirase un novo impreso de matrícula co importe incrementado que corresponda.

Quen, tendo dereito a exención ou bonificación, non a marcase no momento da matrícula ou non presentase a documentación no prazo establecido poderá facelo ata **o 30 de decembro** presentando a documentación nas áreas académicas de grao e posgrao.

5.2.3 Documentación:

a) Familia numerosa: de acordo co punto 4 desta normativa non é necesario presentar documentación.

Se na data de matrícula a condición estivera en tramitación ou pendente de renovación, o alumnado terá dereito a obter a exención sempre que xustifique tal circunstancia quedando condicionada a entrega, unha vez resolta a acreditación da condición, en todo caso antes do **30 de decembro**.

b) Persoas con discapacidade: de acordo co punto 4 desta normativa non é necesario presentar documentación.

Se na data de matrícula a solicitude estivera en tramitación o alumnado terá dereito a obter a exención sempre que xustifique que a solicitude foi presentada con carácter de **urxencia**, quedando condicionada a entrega, unha vez resolta a acreditación da condición, en todo caso antes do **31 de maio**.



- c) Vítimas de acto terrorista e beneficiarios da condición: mediante o informe preceptivo do Ministerio do Interior, ou ben mediante o recoñecemento por parte da Administración Xeral do Estado de pensión extraordinaria por acto de terrorismo, ou por sentenza xudicial firme.
- d) Vítima de violencia de xénero e beneficiarios da condición: A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da formalización da matrícula, mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - Sentenza condenatoria no orden penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou teña sido o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aun sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei.
 - Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 - Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
 - Calquera outra que se estableza regulamentariamente.
- e) Acreditacións de ensino previo ao universitario:
- Matrícula de honra global no 2º curso de bacharelato ou formación profesional de grao superior: certificación académica do centro de estudos.
 - Premio extraordinario de bacharelato ou formación profesional de grao superior: documento acreditativo.
 - Medalla en olimpíadas académicas acreditadas de ámbito nacional ou internacional: documentación acreditativa.
- f) Matrícula de honra en titulacións universitarias oficiais: no caso de estudos de grao ou máster universitario realizados nunha universidade distinta á Universidade de Vigo debe presentar certificación académica.
- g) Ingreso mínimo vital: As persoas beneficiarias da prestación, ás cales se lles recoñeza dita condición, deberán presentar unha Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), ou unha certificación do INSS no caso de que a Resolución non exprese a vixencia no prazo de matrícula.
- h) Bonificación por créditos superados en primeira matrícula: o alumnado que accede ao Grao por preinscripción así como o alumnado de continuación na Universidade de Vigo non ten que presentar documentación, agas o estudantado que ten dereito á bonificación por finalizar o ciclo superior no curso 2025/26, que terá que presentar o certificado de estudos. O alumnado de continuación que no curso inmediatamente anterior cursou estudos nas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña debe presentar na área académica de grao unha certificación académica na que consten os créditos superados. Así mesmo en calquera outra situación na que o dereito non poda ser aplicado en matrícula o alumnado debe dirixirse a área académica de grao.

5.3 Solicitantes de bolsa do Ministerio de Educación

As condicións de gratuidade de prezos públicos por ser solicitante de bolsa serán as establecidas na correspondente convocatoria de bolsa.



5.3.1 Procedemento:

Para que sexa efectivo o aprazamento do pagamento deberá presentar a solicitude de bolsa nos prazos establecidos na convocatoria e marcar no momento da matrícula o desconto de “Bolsa Ministerio de Educación”. O estudantado que non cumpra os requisitos académicos establecidos na convocatoria deberá aboar o importe da matrícula de xeito cautelar.

Quen no momento da matrícula non marcasse a condición de **solicitante de bolsa** e a teña solicitada poderá facelo ata **o 30 de decembro** presentando a documentación nas áreas académicas de grao e posgrao .

A Sección de Xestión de Prezos Públicos comprobará antes do 15 de outubro que a solicitude foi presentada, eliminará o desconto de non existir solicitude, e informará da nova situación por correo electrónico ao alumnado. Non realizar o pagamento no prazo indicado no impreso de matrícula terá as consecuencias previstas no apartado de falta de pagamentos desta convocatoria.

Ao alumnado ao que se lle denega a bolsa a Sección de Xestión de Prezos Públicos eliminaralle o desconto, xerará un novo impreso de matrícula e informará da nova situación resultante por correo electrónico ao alumnado.

5.3.2 Documentación: non é necesario presentar documentación.

5.4 Solicitantes de bolsas UVIGO

As condicións de gratuidade de prezos públicos por ser solicitante de bolsa serán as establecidas nas correspondentes convocatorias de bolsas.

5.4.1 Procedemento:

Para que sexa efectivo o aprazamento do pagamento deberá presentar a solicitude de bolsa nos prazos establecidos na convocatoria.

Quen no momento da matrícula non marcasse a condición de **solicitante de bolsa UVIGO** poderá facelo ata **o 30 de decembro** nas áreas académicas de grao e posgrao.

A Sección de Xestión de Prezos Públicos comprobará antes do 31 de xaneiro que a solicitude foi presentada, eliminará o desconto de non existir solicitude, e informará da nova situación por correo electrónico ao alumnado. Non realizar o pagamento no prazo indicado no impreso de matrícula terá as consecuencias previstas no apartado de falta de pagamentos desta convocatoria.

Ao alumnado ao que se lle denega a bolsa a Sección de Xestión de Prezos Públicos eliminaralle o desconto, xerará un novo impreso de matrícula e informará da nova situación resultante por correo electrónico ao alumnado.

5.4.2 Documentación: non é necesario presentar documentación.

5.5 Persoal Universidade de Vigo

As axudas do fondo de acción social destinadas a sufragar ao persoal da Universidade de Vigo os gastos derivados dos prezos por servizos académicos en titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento impartidas na Universidade de Vigo no curso académico 2026/2027, xestionaranse de acordo co establecido na convocatoria que será publicada no último trimestre do ano.

Para optar á axuda o persoal deberá presentar solicitude no prazo e forma que a devandita convocatoria estableza.

Quen no momento da matrícula non marcasse a condición de **persoal UVIGO** e a teña solicitada poderá facelo ata **o 30 de decembro** presentando a documentación nas áreas académicas de grao e posgrao.



5.6 Premio extraordinario doutoramento/grao

De acordo co establecido no artigo 10º do Regulamento de premios extraordinarios de grao universitario o estudantado que obteña o premio extraordinario estará exento do pagamento das taxas de expedición do título universitario.

De acordo co artigo 45 do Regulamento de estudos de doutoramento a quen se lle concedese o premio extraordinario de doutoramento terá exención de prezos públicos pola expedición do título de doutor/a.

No caso de que o/a estudante xa as tivese aboado, procederase de oficio a devolución do importe satisfeito.

5.7 Desconto TFG/TFM artigo 5.4 do Regulamento de TFG/TFM

Pagarase o 25 % do importe de 1ª matrícula de TFG/TFM no caso de que no *curso 2025/2026* o/a estudante tivera depositado o traballo no centro, contara co informe favorable do seu titor/a, pero non puidera realizar a defensa do traballo por ter materias pendentes.

A área académica de grao e posgrao comprobará con carácter previo á matrícula se existe estudantado que cumpra estas condicións e aplicará o desconto unha vez o estudante realice a súa matrícula.

5.8 Subvención duplicado título por rectificación rexistral

O duplicado do título universitario oficial e do SET por rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas será subvencionable de acordo co Protocolo existente na universidade. O carácter de beneficiario/a deberá acreditarse coa rectificación rexistral.

6. FALTA DE PAGAMENTOS

Cando os prezos públicos relativos á matrícula ou calquera dos seus fraccionamentos agás os relativos aos recoñecementos, non sexan aboados segundo a forma de pagamento elixida e dentro do prazo indicado, ou cando os recibos domiciliados resulten rexeitados pola entidade bancaria, procederase do seguinte xeito:

1. Detectada a falta de pagamento, a Universidade instará ao alumnado a esixencia do pagamento mediante TPV ou entidade financeira, comunicándolle por correo electrónico o seguinte:

- i. O importe non pagado no prazo establecido ten un incremento do 10 % por gastos de xestión de acordo co aprobado polo Consello Social da Universidade de Vigo.
- ii. Suspendese temporalmente a matrícula e limítanse de xeito cautelar os seguintes servizos:
 - acceso á secretaría virtual
 - expedición de certificacións e títulos
 - tramitación de solicitudes de matrícula fóra de prazo
 - anulación e modificación de matrícula
 - traslado de expediente
 - formalización de novas matrículas e calquera outro trámite relacionado co seu expediente.

iii. A suspensión temporal de dereitos non afecta ao réxime de permanencia nin impide a asistencia ás clases teóricas e prácticas, nin concorrer ás probas de avaliación.

2. Por outra banda a Sección de xestión de prezos públicos enviará comunicación a través de correo electrónico, achegando o abonaré para efectuar o pago dos gastos de xestión indicados no punto 1.i deste apartado.



A partir do 31 de maio de non efectuar o pagamento, tanto do importe inicial como dos gastos de xestión, procederase ao arquivo definitivo da matrícula mediante resolución reitoral notificada de xeito electrónico, agás nos casos nos que exista algunha situación non imputable ao estudante que impida a prestación do servizo. A resolución incluírá a advertencia de que o arquivo non liquida a débeda manténdose co incremento que corresponda, nin supón a anulación de matrícula, nin a devolución das cantidades aboadas ata o momento.

3. No momento en que se proceda ao pagamento e conste na universidade, a matrícula será activada e eliminadas as restricións de acceso.
4. A falta de pagamento poderá comportar a esixencia dos importes correspondentes polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, consonte a normativa vixente.
5. Ademais, a Universidade esixirá como condición previa de matrícula, modificación, resolución de peticións de anulación total, expedición de títulos, emisión de certificacións, xestión de traslados, acceso á secretaría virtual para consultas ou tramitacións, e calquera outra relativa ao expediente, o pagamento das cantidades pendentes por matrículas de cursos académicos anteriores ou simultáneos.
6. A débeda prescribirá nos prazos e termos establecidos pola normativa vixente.

7. DEVOLUCIÓNS

7.1 Procede a devolución de prezos públicos no caso de:

- a) Concesión de anulación total por recolocación ou situacións análogas antes do inicio do curso: devolverase o importe aboadado pola súa matrícula.
- b) Concesión de anulación total de matrícula solicitada polo alumnado presentada dentro do prazo establecido na convocatoria de matrícula:
 - Solicitudes presentadas ao inicio do primeiro cuadrimestre **devolverase o importe da tarxeta universitaria e o importe dos créditos de primeiro e segundo cuadrimestre, así como a titoría anual de doutoramento.**
 - No caso de máster nas solicitudes presentadas ao inicio do segundo cuadrimestre devolverase o **importe dos créditos do segundo cuadrimestre.**
- c) Concesión de anulación total de matrícula solicitada polo alumnado presentada fóra do prazo establecido na convocatoria de matrícula:
 - Durante o primeiro cuadrimestre devolverase o importe dos créditos do segundo cuadrimestre agás naqueles casos nos que a convocatoria de matrícula estableza por razóns xustificadas outra forma de proceder.
 - Solicitudes presentadas iniciado o segundo cuadrimestre non procede devolución de matrícula.
 - No caso establecido no punto 2.7.2.2.3) da convocatoria de matrícula de Grao devolverase o importe da tarxeta universitaria e o importe dos créditos de primeiro e segundo cuadrimestre.
- d) Concesión de modificación parcial de matrícula ou recoñecemento que xere un importe inferior ao aboadado.
- e) Con posterioridade ao abono, se acredita atoparse en situación administrativa ou legal que supoña exención total ou parcial: devolverase o importe cuberto pola exención.



- f) Concesión de premio extraordinario en Grao e Doutoramento: unha vez aprobada a relación de estudantes premiados no Consello de Goberno a devolución do prezo por expedición de título farase de oficio a través da **Sección de Xestión de Prezos Públicos**.
- g) Cando se ingresen importes superiores aos que corresponde debido a erros materiais, de feito ou aritméticos existentes na autoliquidación, así mesmo os pagos que se efectúen por transferencia desde un país con mandato SEPA : devolvérase o importe erroneamente aboado.
- h) Cando non se preste o servizo por causa non imputable á persoa matriculada:
 - i. Devolverase o importe aboado cando a causa sexa imputable á Universidade.
 - ii. Devolverase o importe aboado nos termos establecidos no punto 7.1. b) cando non sexa posible a prestación do servizo por causas alleas á vontade da persoa (enfermidade ou accidente grave, denegación de visado...), en función do servizo prestado ata a data do feito causante, a través de resolución motivada.

7.2 O procedemento iniciase:

- a) No caso de devolución de prezos de matrícula derivados das situacións sinaladas no punto 7.1.h)ii deberá ser solicitada a través da sede electrónica coa documentación que acredite a causa motivo da devolución.

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de nacionalidade extracomunitaria, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.

- b) No resto de casos de devolución de prezos de matrícula iniciase a través da aplicación informática de xestión académica, unha vez efectuadas as oportunas modificacións na matrícula.
- c) No caso de devolución de prezos públicos non asociados a matrícula deberá ser solicitada nas áreas académicas de grao e posgrao de estudos que corresponda.
- d) A devolución do prezo por expedición de título universitario oficial derivada da condición de *premio extraordinario* realízase de oficio desde a Sección de Xestión de Prezos Públicos.

As devolucións de prezos públicos efectuaranse exclusivamente a favor o/a estudante como titular do dereito, ao derivar este da súa matrícula. En consecuencia, as devolucións realizaranse mediante transferencia bancaria a unha conta da que sexa titular o/a estudante. No caso de non conste, será solicitado a través do correo electrónico ao correo indicado no expediente, e deberá ser remitido a través do *formulario en liña* correspondente.

A devolución efectuarase no prazo de 3 meses desde o momento no que se realicen os cambios, sempre que os importes aboados consten como confirmados polas entidades bancarias e unha vez finalizado o prazo de posibles rexeitamentos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de **dous meses** contados dende o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo **dun mes** contado dende o día seguinte da súa publicación, perante o mesmo órgano que a



ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

En Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor,

Manuel Joaquín Reigosa Roger



ANEXO I
PREZOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS TITULACIÓNS OFICIAIS

ESTUDOS DE GRAO

TARIFAS SEGUNDO RAMA DE COÑECEMENTO

PREZO POR CRÉDITO

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
○ Ciencias da Saúde	13,93 €	19,30 €	31,21 €	39,79 €
Grao en Enfermaría Grao en Fisioterapia				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
○ Enxeñaría e Arquitectura	13,93 €	19,30 €	31,21 €	39,79 €
Grao en Enxeñaría Aeroespacial Grao en Enxeñaría Agraria Grao en Enxeñaría de Automoción Grao en Enxeñaría Biomédica Grao en Enxeñaría da Enerxía Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías Navais para a Defensa Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos Grao en Enxeñaría Eléctrica Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática Grao en Enxeñaría en Organización Industrial Grao en Enxeñaría en Química Industrial Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais Grao en Enxeñaría Forestal Grao en Enxeñaría Informática Grao en Enxeñaría Mecánica Grao en Intelixencia Artificial				



RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
○ Ciencias	13,93 €	19,30 €	31,21 €	39,79 €
Grao en Bioloxía Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos Grao en Ciencias Ambientais Grao en Ciencias do Mar Grao en Química				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
○ Artes e Humanidades	13,93 €	19,30 €	31,21 €	39,79 €
Grao en Belas Artes Grao en Deseño				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
○ Artes e Humanidades	9,85 €	13,62 €	22,04 €	28,06 €
Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española Grao en Linguas Estranxeiras Grao en Tradución e Interpretación Grao en Xeografía e Historia				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
○ Ciencias Sociais e Xurídicas	9,85 €	13,62 €	22,04 €	28,06 €
○ Grao en Administración e Dirección de Empresas ○ Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ○ Grao en Comercio ○ Grao en Comunicación Audiovisual ○ Grao en Dereito ○ Grao en Dirección e Xestión Pública ○ Grao en Economía ○ Grao en Educación Infantil ○ Grao en Educación Primaria ○ Grao en Educación Social ○ Grao en Publicidade e Relacións Públicas ○ Grao en Relacións Internacionais ○ Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos				

CSV : GEN-779f-b1e5-744a-91bc-2867-238e-d834-6de8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 09/07/2026 12:32 | NOTAS : F



RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Ciencias Sociais e Xurídicas / Enxeñaría e Arquitectura				
○ PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas / Grao en Enxeñaría Informática	9,85 €	13,62 €	22,04 €	28,06 €
	13,93 €	19,30 €	31,21 €	39,79 €

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Ciencias Sociais e Xurídicas	9,85 €	13,62 €	22,04 €	28,06 €
○ PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas / Grao en Dereito				
○ PCEO Grao en Publicidade e Relacións Públicas/Grao en Comunicación Audiovisual				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Ciencias Sociais e Xurídicas / Artes e Humanidades	9,85 €	13,62 €	22,04 €	28,06 €
○ PCEO Grao en Turismo / Grao en Xeografía e Historia				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Enxeñaría e Arquitectura	13,93 €	19,30 €	31,21 €	39,79 €
○ PCEO Grao en Enxeñaría Agraria / Grao en Ciencias Ambientais				
○ PCEO Grao en Enxeñaría Agraria / Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos				
○ PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica / Grao en Enxeñaría Mecánica				
○ PCEO Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial				
○ PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica / Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática				
○ PCEO Grao en Enxeñaría Mecánica / Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática				

Estudiantes de novo ingreso:

- Apertura de expediente académico ao comezar os estudos: **22,31 €**
- Documentación e soporte para a matrícula por Internet: **1,75 €**
- Expedición e mantemento de tarxeta de identidade: **4,79 €**
- Seguro escolar obrigatorio (menores de 28 anos): **1,12 €**

Estudiantes de 2º curso e sucesivos:

- Documentación e soporte para a matrícula por Internet: **1,75 €**
- Expedición e mantemento de tarxeta de identidade: **4,79 €**
- Seguro escolar obrigatorio (menores de 28 anos): **1,12 €**

CSV : GEN-779f-b1e5-744a-91bc-2867-238e-d834-6de8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 09/07/2026 12:32 | NOTAS : F



ESTUDOS DE MÁSTER QUE HABILITEN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PROFESIONAIS
TARIFAS SEGUNDO RAMA DE COÑECEMENTO - PREZO POR CRÉDITO

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Enxeñaría e Arquitectura	13,93 €	19,30 €	31,21 €	39,79 €
○ Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica ○ Máster Universitario en Enxeñaría de Minas ○ Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación ○ Máster Universitario en Enxeñaría Industrial ○ Máster Universitario en Enxeñaría Informática ○ Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais				
RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Ciencias Sociais e Xurídicas	9,85 €	13,62 €	22,04 €	28,06 €
○ Máster Universitario en Avogacía e Procura ○ Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas				

Estudiantes de novo ingreso:

- Apertura de expediente académico ao comezar os estudos: **22,31 €**
- Documentación e soporte para a matrícula por Internet: **1,75 €**
- Expedición e mantemento de tarxeta de identidade: **4,79 €**
- Seguro escolar obrigatorio (menores de 28 anos): **1,12 €**

Estudiantes de 2º curso e sucesivos:

- Documentación e soporte para a matrícula por Internet: **1,75 €**
- Expedición e mantemento de tarxeta de identidade: **4,79 €**
- Seguro escolar obrigatorio (menores de 28 anos): **1,12 €**

CSV : GEN-779f-b1e5-744a-91bc-2867-238e-d834-6de8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 09/07/2026 12:32 | NOTAS : F



OUTROS ESTUDOS DE MÁSTER
TARIFAS SEGUNDO RAMA DE COÑECEMENTO - PREZO POR CRÉDITO

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Ciencias da Saúde	13,93 €	38,54€	38,54 €	38,54€
○ Máster Universitario en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia ○ Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía ○ Máster Universitario en Neurociencia ○ Máster Universitario en Nutrición ○ Máster Universitario no ámbito sanitario				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Enxeñaría e Arquitectura	13,93 €	38,54€	38,54 €	38,54€
○ Máster Universitario en Ciberseguridade ○ Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxías de Información Cuántica ○ Máster Universitario en Desafíos das Cidades ○ Máster Universitario en Dirección e Innovación da cadea de subministración ○ Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos ○ Máster Universitario en Dirección TIC para a Defensa ○ Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade ○ Master Universitario en Enxeñaría Biomédica ○ Máster Universitario en Enxeñaría da Automoción ○ Máster Universitario en Fabricación Aditiva ○ Máster Universitario en Industria 4.0 ○ Máster Universitario en Intelixencia Artificial ○ Máster Universitario en Internet das Cousas-IoT ○ Máster Universitario en Matemática Industrial ○ Máster Universitario en Mecatrónica ○ Máster Universitario en Realidade Estendida ○ Máster Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados ○ Máster Universitario en Vehículos autónomos ○ Máster Universitario en Visión por Computador ○ Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga				

CSV : GEN-779f-b1e5-744a-91bc-2867-238e-d834-6de8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 09/07/2026 12:32 | NOTAS : F



RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Ciencias	13,93 €	38,54€	38,54 €	38,54€
○ Máster Universitario en Acuicultura ○ Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión ○ Máster en Biofabricación ○ Máster Universitario en Bioloxía Mariña ○ Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada ○ Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental ○ Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca ○ Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial ○ Máster Universitario en Oceanografía ○ Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional ○ Máster Universitario en Técnicas Estatísticas ○ Máster Universitario en Xenómica e Xenética				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Artes e Humanidades	9,85 €	26,68 €	26,68 €	26,68 €
○ Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade ○ Máster Universitario en Creación Artística Contemporánea ○ Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda ○ Máster Universitario en Ensino de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua ○ Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións ○ Máster Universitario en Lingüística Aplicada ○ Máster Universitario en Literatura Dramática, Música e Artes Escénicas ○ Máster Universitario en Tradución Multimedia ○ Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional ○ Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural				

RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Ciencias Sociais e Xurídicas	13,93 €	38,54€	38,54 €	38,54€
○ Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible				

CSV : GEN-779f-b1e5-744a-91bc-2867-238e-d834-6de8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6g>

FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 09/07/2026 12:32 | NOTAS : F



RAMA DE COÑECEMENTO	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª Matrícula
• Ciencias Sociais e Xurídicas	9,85 €	26,68 €	26,68 €	26,68 €
○ Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social e Corporativa ○ Máster Universitario en Comercio Internacional ○ Máster Universitario en Ciencia do Exercicio, Preparación Física e Readaptación Deportiva ○ Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais ○ Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos ○ Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade ○ Máster Universitario en Dirección de PEMES ○ Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA) ○ Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde ○ Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional ○ Máster Universitario en Economía ○ Máster Universitario en Economía Circular ○ Máster Universitario en Finanzas ○ Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos ○ Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria ○ Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde ○ Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social ○ Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo ○ Máster Universitario en Prevención e Abordaxe Multidisciplinar das Drogodependencias e conductas aditivas ○ Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible ○ Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral ○ Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte				

Estudantes de novo ingreso:

- Apertura de expediente académico ao comezar os estudos: **22,31 €**
- Documentación e soporte para a matrícula por Internet: **1,75 €**
- Expedición e mantemento de tarxeta de identidade: **4,79 €**
- Seguro escolar obrigatorio (menores de 28 anos): **1,12 €**

CSV : GEN-779f-b1e5-744a-91bc-2867-238e-d834-6de8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 09/07/2026 12:32 | NOTAS : F



Estudiantes de 2º curso e sucesivos:

- Documentación e soporte para a matrícula por Internet: **1,75 €**
- Expedición e mantemento de tarxeta de identidade: **4,79 €**
- Seguro escolar obrigatorio (menores de 28 anos): **1,12 €**

DOUTORAMENTO

• Estudos conducentes ao título de doutor/a regulados polo Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, e Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro	
○ Cursos ou complementos formativos en ECTS	32,00 € / crédito
○ Cursos non estruturados en ECTS	3,30 € / hora
○ Titoría anual de doutoramento	200,00 €

CSV : GEN-779f-b1e5-744a-91bc-2867-238e-d834-6de8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 09/07/2026 12:32 | NOTAS : F



ANEXO II

Países da Unión Europea e aqueles nos que é de aplicación o réxime comunitario (*)

Alemaña
Austria
Bélxica
Bulgaria
Chipre
Croacia
Dinamarca
Eslovaquia
Eslovenia
España
Estonia
Finlandia
Francia
Grecia
Hungría
Irlanda
Islandia (*)
Italia
Letonia
Liechtenstein (*)
Lituania
Luxemburgo
Malta
Noruega (*)
Países Baixos
Polonia
Portugal
República Checa
Romanía
Suecia
Suíza (*)

CSV : GEN-779f-b1e5-744a-91bc-2867-238e-d834-6de8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 09/07/2026 12:32 | NOTAS : F

